

# Recital poético-musical

## Recital poético-musical

ACTOR	OBRA	MÚSICO
Adrián Chacón	“O poeta canta ao músico” (A. Chacón)	Darío Gómez (guitarra)
Sara González	“En Compostela” (X. L. Méndez Ferrín)	Carlos Docampo (caixa) Águeda García (piano)
Iria Collazo/ Javi Lago	“Boas noites, amiga” (X. L. Méndez Ferrín)	Adrián Chacón (guitarra)
María Monasterio	“Lela” (A. R. Castelao)	
Iria Arias	“Paseo” (Luís Pimentel)	Marta Comesaña (frauta)
Adrián Chacón	“Non” (C. E. Ferreiro)	Carlos Docampo (caixa) Helena Sousa (acordeón)
Lucía Alonso	“Nunca tiven amigos” (P. Pallarés)	

Lucía Alonso	“Negra sombra” (Rosalía de Castro)	Adrián Chacón (guitarra) Marta Comesaña (frauta)
Dario Gómez	“Chove en Santiago” (F. García Lorca)	Adrián Chacón (guitarra) Carlos Docampo (pao de auga) Laura Seoane (violín) Helena Sousa (acordeón)
Celia Veiga	“A muller de Boabdil” (C. E. Ferreiro)	Adrián Chacón (guitarra) Carlos Docampo (caixa)
David Rodríguez	“SOS” (Manuel Antonio)	Marta Comesaña (frauta) Carlos Docampo (vento) Laura Seoane (violín) Helena Sousa (acordeón)  Sara González (bailarina)

**Director: David Rodríguez**

En Compostela pode un home  
escoller óboe e docísimo cor ao contrapaso,  
decaer nos tremendoiros  
(VIBRA, CORAZON GASTADO!)  
tenra especie de prantais espirais  
e añaúca ou seixo de xogar antre os dedos.

Pode pedra luída  
alzarte sobre sí coma un guerreiro  
é proclamado rei de oucas e carballeiras vellas.  
En Compostela pode un vento duro  
estremecer o corazon da Europa campesina  
que todos temos dentro sen decilo.

En Compostela soan polonesas,  
nacionalmente, en moitos plenilunios  
cabo de trasparentes ollos, mortos,  
e un barroco de bronce ergue paxaros de duro marmore  
e oubear oubear os couselos  
nas murallas de San Martiño Pinario.

En Compostela, enfín,  
compañías de mortos compañeiros  
comen caldo insumiso na lembranza ilustrada  
(VOTO POR VÓS: ROSALIA, PONDAL, FARALDO)  
das cabezas alzadas.

En Compostela esta 90 que perdemos  
e vai nacendo noutrous e esto é o grande milagre  
(UNHA LAPA LENE, UNHA CANDELEXA!)  
da conciencia desta patria  
conservada en pequenos corazóns  
ardentes con fogo doceque non morre.

En Compostela soterraron a semente  
chamada Xohan Xesus Gonzalez. porta  
dun futuro suxoso e proletario  
que avanza cara a nós con alboroto  
e vénme o arreguizo somentes de pensalo e de amalo.

En Compostela estamos  
moitos xa para sempre derrotados.

(de *Con pólvora e magnolias*)  
X.L. Méndez Ferrín

## CANTIGA DO AMANTE PRESO

Boas noites, amiga,  
Digoche dende o cárcere  
Mesto espacio de sombras  
Limitadas a carne,  
Promontorio de pelos  
Elévase no sangue  
E a luz, como un cheirume,  
Esvara, negra, avante.  
Detéñense as palabras,  
Os pensamentos pairan,  
Como un morcego tépedo  
O corazón se cala.  
Na cadea hai menceres  
De néboa en cada ollada  
E ratos grises fanche  
Un burato na alma.  
Hai unha dor cega  
Que cada cousa mancha  
E podremias antigas  
Ao corazón se engarran.  
A espiral da tortura,  
As pantasmas odiadas,  
O libro do silencio  
E a tristura probada  
Rematan nesta noite,  
Oh miña ben amada,  
Para comezaren logo  
Á mañá, como lama,  
Boas noites, amiga,  
Digoche dende o cárcere,  
Mentres o teu recordo  
Froitificame, árdeme.

(de *Poesía enteira de Heriberto Bens*)  
X.L. Méndez Ferrín

### Lela

Están a nubes chorando  
Por un amor que morréu  
Están as ruas molladas  
De tanto como chovéu (bis)  
Lela, Lela,

Leliña por quen eu morro  
Quero mirarme  
Nas meniñas dos teus ollos  
Non me deixes  
E ten compasión de min  
Sen ti non pudo  
Sen ti non pudo vivir  
Dame alento da túas palabras  
Dame celme do teu corazón  
Dame lume das tuas miradas  
Dame vida co teu dulce amor (bis)  
Lela, Lela ...  
Sen ti non pudo,  
Sen ti non pudo vivir.

(de *Os vellos non deben de namorarse*)  
Castelao

-  
Paseo

De sutaque sorprendín á mañá  
entrando na vila  
cantando da mao da fina chuvia.  
Cos pes espidos e mollados  
viña dos camiños verdes, profundos.  
Dedos de vento transparentes, baleiros,  
en bruñidas bandexas.  
Scherzo da zoca na acera.  
Leda canción.  
E debaixo do mantel de liño fresco  
a muller do obreiro leva as doce campanadas.

Unha canción que se cae e se levanta.  
O polvo nas alas e tamén o ceo.  
Unha canción tan lonxana e lene  
como a sombra do aire sobre a herba.  
Ata min chega tan solo en anacos;  
mais eu enténdoa exaita i enteira,  
como a sombra do aire sobre a herba.

(de *Sombra do aire na herba*)  
Luís Pimentel

-  
NON

Si dixese que sí,  
que todo está moi ben,  
que o mundo está moi bon,  
que cada quén é quén...

Conformidá.  
Ademiración.  
Calar, calar, calar,  
e moita precaución.  
Si díxese que acaso  
as cousas son esí,  
porque sí,  
veleí,  
e non lle demos voltas.  
(Si aquil está enriba  
i aquil outro debaixo  
é por culpa da vida.  
Si algunhos van de porta en porta  
cun saco de cinza ás costas  
é porque son unhos docas).  
Si dixera que sí...  
Entón sería o intre  
de falar seriamente  
da batalla de froles  
nas festas do patrón.

Pero non.

(de *Longa noite de pedra*)  
Celso Emilio Ferreiro

-  
Chove en Santiago  
Chove en Santiago  
meu doce amor  
camelia branca do ar  
brila entebrecida ao sol.

Chove en Santiago  
na noite escura  
herbas de prata e sono  
cobren a valeira lúa.

Olla a choiva pola rúa  
laio de pedra e cristal.  
Olla no vento esvaido  
soma de cinza do teu mar.

Soma e cinza do teu mar  
Santiago, lonxe do sol  
agoa da mañan anterga  
trema no meu corazón.

(de *Seis poemas galegos*)

Federico García Lorca

--

Moraima

A muller de Boabdil  
chamábase coma ti,  
Moraima.  
Eu, coma il,  
tamén perdín Granada.

Perdín a primavera,  
teño murchas as azas.  
Perdín pra sempre  
a cidá da esperanza,  
das rúas silenciosas  
e os parques de mazairas.

Perdín vales e ríos,  
chairas e montes,  
perdín os manantíos,  
perdín as fontes.  
Prediquei no deserto,  
arei no mar,  
tecín rendas de soños,  
sementei no vento  
zugameles fantásticos.  
Vivín na terra allea,  
comín o pan amargo do desterro.  
convívín cos badocos  
i esparexín na vida  
mensaxes sin respos

Perdín Granada,  
pro non a ti,  
Moraima.  
Por eso non perdín  
nada.

(de *Onde o mundo se chama Celanova*)  
Celso Emilio Ferreiro

SÓS

Fomos ficando sós  
o Mar o barco e mais nós

Roubáronnos o Sol  
O paquebote esmaltado

que cosía con liñas de fume  
áxiles cadros sin marco

Roubáronnos o vento  
Aquel veleiro que se evadeu  
pola corda floxa d' o horizonte

Este oucéano destracou d' as costas  
e os ventos d' a Roseta  
ouretáronse ao esquenzo

As nosas soedades  
veñen de tan lonxe  
como as horas d' o reloxe

Pero tamén sabemos a maniobra  
d' os navíos que fondean  
a sotavento d' unha singradura

N' o cuadrante estantío d' as estrelas  
ficou parada esta hora:  
O cadavre d' o Mar  
fixo d' o barco un cadaleito

Fume de pipa Saudade  
Noite Silenzio Frío  
E ficamos nós sós  
sin o Mar e sin o barco  
nós.

(de *De catro a catro*)  
Manuel Antonio